

EI
EXCLUSIVAS IGLESIAS

ORTOPEDIA
AUDÍFONOS

SERVICIO TÉCNICO A DOMICILIO
TRAMITACIÓN SEGURIDAD SOCIAL
PRUEBAS A DOMICILIO
FINANCIACIÓN DE PAGOS

VENENOS POR NUESTRAS ORTOPEDIAS Y LE INFORMAREMOS DEL NUEVO CATALOGO DE PRESTACIONES DEL SERGAS POR EL CUAL PUEDE ACCEDER A DISTINTOS PRODUCTOS ORTOPÉDICOS SIN REALIZAR NINGUN DESEMBOLSO. SILLAS DE RUEDAS, ANDADORES, PRÓTESIS DE MAMA, SILLAS ELÉCTRICAS, FAJAS, AUDÍFONOS, AYUDAS TÉCNICAS, MEDIAS, PRENDAS PARA QUEMADOS.



AYUDAS

DEPARTAMENTO COMERCIAL
986 24 33 85
Avda. Fragooso, 27 Vigo
981 16 91 41
Avda. de Finisterre, 257 A Coruña
986 39 20 41
Avda. Méndez Núñez, 28-30 Cangas

SILLAS DE RUEDAS
PROTESIS MAMARIAS
SILLONES BANADORES

VII FESTIVAL TRADICIONAL "Vila de Bueu"

Venres 17 de Agosto 2001



Organiza: Grupo de Danzas Antoxo

PRESENTACIÓN

Outro ano máis, outro Festival, e xa van sete. Bueno, seis, xa que o ano pasado o tempo non nos acompañou.

Tratando de facer algo máis pola cultura do noso pobo, no Grupo de Danzas "Antoxo" xurdiu a idea do Festival Tradicional "Vila de Bueu" no ano 95. Non foron poucas as dificultades para iniciar e consolidar o noso proxecto, pero aquí seguimos.

O Festival organizado por "Antoxo" fíxose cun nome propio a medida que foi acollendo a un amplo abano de formacións de prestixio, tanto na escena nacional coma na internacional. Na escolla valóranse dende a calidade e a traxectoria dos grupos ata o seu labor para manter as raizames dos pobos mediante a recuperación de bailes, cantos e vestuario.

Este ano non será menos, pois contamos cos grupos *Celme (Pontevedra)*, *Raíces de Aragón (Aragón)*, *Proxecto Danzario telón Abierto (Cuba)* e *Anubía (Santiago)*, todos eles de gran crédito no mundo da música e do baile.

Agardamos que, nesta ocasión, o VII Festival Tradicional "Vila de Bueu" volva a acadar o éxito dos anteriores e conte coa mesma gran afluencia de público; deste xeito, veremos compensado o traballo realizado ó longo de todo o ano.

antoxo

CARPIGAL

**Muebles Cocina y Baño
Carpintería en general**

Montero Ríos 197

36930BUEU

Tfno 986 322 000

2001

antoxo



artesanía galaico portuguesa

Rúa Montero Ríos, 59 Tfno. 637 558 500

BUEU

2001

antoxo

Allianz

Pazos Fontenla, 25, baixos
tfn 986 320 026
FAX 986 323 237

BUEU (Pontevedra)

Luis Santaclara
Agente de Seguros

2001

antoxo



Inmobiliaria

Eurolar C.B.

COMPRA VENTA DE PISOS, CASAS, CHALETS, FINCAS
ALQUILERES.
TRASPASOS.

Montero Ríos, 181
Tfn. 986 323 209
BUEU (Pontevedra)

Eurolar con la mayor profesionalidad

2001

antoxo



AEROBIC (AD. E INF.)
GIMNASIA DE MANTENIMIENTO
GIMNASIA 3º EDAD
MUSCULACIÓN

Xoán Carballeira, 10
telf 986 32 20 08 - Bueu

2001

antoxo

LIBRERÍA MIRANDA

○ TEU COMERCIO EN BUEU

Telf 986 32 05 04

2001

Á NOSA COMPAÑEIRA BEA

Este ano, o Festival ten para nós un significado especial, xa que desgraciadamente hai unhas semanas finou a nosa compañeira Bea. Bea formaba parte do grupo de baile e era alumna da Escola de Pandeireta; ademais, participaba activamente na organización do Festival.

A ela queremos adicarllo, pois sen Bea non é o mesmo, á vez que estender o noso cariño á súa familia.

Hai quen pasa pola vida sen facer ruído. Bea o fixo e quedounos o rumor da muiñeira e o cheiro da alegría.

Non queremos falar das risas, dos bailes... do que perdemos porque ela non está, senón do que gañamos porque estivo.

Bea tiña a forza da terra que pare froitos sen dor, e a alegría da tormenta trala sequía.

Tiña a verba fácil de quen sabe o que non quere, e uns ollos translúcidos que te afogaban na súa verdade, e que antes de anegarse cantaban e facían esvara-los demos ó compás dos seus pés.

Coa copla que a vida lle deu deixounos sabor a tenacidade e a forza, aínda que nós non a cantemos igual, porque como dicía ela: "o noso non é a perfección".

*Penas tinxidas de sombras
leva o mar na súa partida
perden forza, perden vida
marchan xa na despedida*

antoxo

DEPORTES

CAI ÑO

C/ Ramón Bares, 6
Tfno. 986 322 142

36930 Bueu
Pontevedra

2001

antoxo

ASESORIA FISCAL
CONTABLE
ADMINISTRATIVO Y JURIDICA

A. CABODEVILA

*NO SOMOS LOS MAS BARATOS
PERO RESPONDEMOS POR
NUESTRO TRABAJO*

Montero Ríos, 99 Galerías
Telf 32 32 65 - 36930 Bueu

2001



VII FESTIVAL TRADICIONAL "Vila de Bueu"

Organiza: Grupo de Danzas Antoxo

Venres 17 de Agosto 2001

Presenta: Antía Castro

A partir das 10 da noite no Anexo a Praza do Concello

Grupo de Danzas Antoxo
Bueu

Anubía -Santiago

Proxecto Danzario Telón
Abierto -Cuba

Agrupación Folclórica Celme
Pontevedra

Raices de Aragón

colaboran:

CAIXAGALICIA COOPERATIVA DO MAR "SAN MIGUEL"

AGRADECEMOS A COLABORACIÓN DOS COMERCIANTES E EMPRESAS QUE
CONTRIBUIRON NA ELABORACIÓN DO LIBRO DESTA VII EDICIÓN.



Grupo de Danzas Antoxo

*A Graña, 26
Tfno. 986 321 635*

36939 Bueu - Pontevedra

O TRAXE



O Grupo de Danzas "Antoxo" traballa na recuperación non só da música e o baile tradicionais, senón que completa este labor coa conservación do vestiario característico do noso pobo.

Neste senso, naceu hai pouco un ambicioso proxecto co cal se pretende confeccionar os traxes do Grupo a partires dun modelo que ten máis dun século de antigüidade. Trátase dun traxe da zona de Cela que pertenceu á señora Dolores Pousada García, quen o empregou coma vestido de voda arredor do 1870.

Debido a que a casa onde se gardaba sufriu varios roubos, só se conservan tres pezas: a saia, o madil e a mantela (prenda alongada que cubría parte da cabeza e caía por diante dos ombreiros). Tódalas pezas estan realizadas nun tecido de cor negra imposible de atopar na actualidade, e adórnanse con cenefas de pedrería, lorzas e rebites. Todo o conxunto está feito a man, dende as costuras ata o engarzado das pedras. Polo que coñecemos doutros traxes desta antigüidade, supoñemos que este contaría ademáis cunha chaquetilla por enriba da camisa.

antoxo

ACADEMIA INFORMÁTICA

CEVYP

C/ Ramón Bares, 3 Bajo Tfno 986 32 30 94 36930 Bueu

2001

A procedencia acomodada de Dolores lévanos a pensar que poucas rapazas poderían permitirse un vestido destas características.

A conservación deste traxe -que se mantén en perfectas condicións malia o paso dos anos- débese actualmente ás señoras Victoria e Mucha Freire Rosales, netas da propietaria inicial, ás que agradecemos profundamente a súa colaboración.



antoxo

Restaurante Casa Quintela



c/ Eduardo Vincenti, 24 Tfno. 986 320 010 Bueu- Pontevedra

2001

antoxo

Merceria Ehiquillos

- Puntillas
- Botones e hilos
- Ropa de niño
- Corseferia
- Medias

Alexandre Boveda, 10 Bueu

antoxo

2001

**INVERNAJE Y GUARDERÍA
MOTORES Y BARCOS**

ASTIXANO

Reparaciones en:
poliester - pintado - mecánica
Mercado de ocasión y nuevos
Eléctronica - transportes

POLIGONO INDUSTRIAL CASTIÑEIRAS, 100 TFNO/FAX. 986 324 061

2001

antoxo

Muebles

Del Río

AVDA DE LOUREIRO, 41

TELF. 32 02 36

BUEU

2001

antoxo

RESTAURANTE-HOSTAL

LOUREIRO




BODAS, BANQUETES
COMIDAS EMPRESA

Loureiro, 37 ☎ 32 07 19 - Fax 32 14 98
BUEU (Pontevedra)

2001

AS ESCOLAS



O Grupo de Danzas “Antoxo” formouse en 1990, e dende hai catro anos contribúe á formación na música tradicional coas Escolas de Gaita, Tamboril e Pandeireta.

As clases de gaita son impartidas por José Gil, que emprendeu a súa andaina con este instrumento fai vinte anos co grupo *Os Chaneiros* de Marín, no que chegou a ser director da sección musical e co que realizou distintas xiras por Europa. Tamén ten actuado como solista e en distintas agrupacións, entre as que destaca *Dúos Pontes*, de Pontevedra. Gil forma parte do cuarteto tradicional *Picuíña* e asiste a clases con mestres da gaita como Xosé Manuel Budiño ou Iván Costa.

A filosofía da Escola de Gaita de “Antoxo” é a de formar gaiteiros solistas e cuartetos, para o cal se traballa cun repertorio maioritariamente tradicional con algunha peza de recente composición. Na Escola de Gaita comézase a traballar con frutas para, unha vez que os alumnos teñen un certo dominio deste instrumento, adentrarse xa no

antoxo

DAVILA

MODA

c/ Eduardo Vincenti BUEU


2001

no mundo da gaita. Asimesmo, tamén procuramos que os alumnos adquiriran uns coñecementos básicos de música.

Eva Blanco colleu este ano o relevo de Ana a cargo da Escola de Pandeireta e Canto. Eva foi compoñente do grupo santiagués *Cantigas e Agarimos* e actualmente dirixe ó conxunto de pandeireteiras *Abiñadoira* de Sanxenxo, ademáis de formar parte do grupo Anubia. Ten unha longa experiencia como monitora de pandireta en Europa e América, e tamén participou en varios traballos discográficos.

A finalidade primordial da Escola de Pandeireta é a recuperación e conservación de ritmos e cantos galegos, facendo fincapé na zona do Morrazo, a partir de recollidas e traballo de campo.

É Manuel Cobas o encargado de ensaiar ó grupo de baile, e tamén é o profesor dos cativos. Actualmente, Manuel baila no grupo *Lembranza* da Ría de Aldán, ademáis de formar parte do grupo de música galega *Fiandola*, anque conta cunha importante traxectoria como gaiteiro, bailaror e mestre de baile.



antoxo



H. SANTOS
PELUQUERÍA Y BELLEZA
CASTELAO, 8 TELE. 986 321 534 - BUEU

ANA SANTOS

DARÍO DURÁN, 16 TEL. 986 237 025 -VIGO

2001

Nas súas clases, intenta plasmar da mellor maneira posible os bailes que vai recollendo polas aldeas da xente maior. Asimesmo, procúrase que os alumnos aprendan a bailar de xeito que cheguen a identificarse co baile para poder expresarse mediante el.

Maiores e pequenos asisten ás clases das Escolas, adaptadas a cada grupo pero creando tamén un espazo interxeracional onde teñen cabida tódalas aportacións.

As clases impártense ó longo do curso escolar nas dependencias do Pavillón de Deportes de Bueu, e a inscrición está aberta todo o ano. Dende aquí, animamos a tódolos rapaces e non tan rapaces a achegarse ás Escolas de Antoxo.



antoxo

Ferretería - Droguería

Novas

Mais de medio século ao seu servizo

Eduardo Vincenti, 21 Bueu

2001

antoxo

Café - Bar



EL PESCADOR

Tapas variadas

Pescados de la Ría

Vino Ribeiro y Albariño

Tinta Femia



Alfonso Castelao, 6 Telf. 986 32 42 69 -Bueu

2001

GRUPO de DANZAS

O Grupo de Danzas "Antoxo" creouse co gallo de divulgar a cultura e costumes galegos, principalmente a través do baile, música e vestimenta típicas do noso pobo. Nace en Bueu no verán de 1990 a carón do colexio público A' Pedra por iniciativa e impulso xurdido dende a Asociación de Pais.

Ó obxectivo inicial de fomentar a práctica do baile popular galego, uníuse posteriormente o desexo de amplia-lo noso labor ó campo da música tradicional, motivo polo que "Antoxo" creou as súas Escolas de Pandeireta, Gaita e Tamboril, pasando dos 14 membros fundacionais a un total de 40 na actualidade. Deste xeito, Grupo e Escolas traballan na recuperación das raíces do baile, música e canto da nosa terra.

Neste intento de espallar eses costumes, por ensalzalas formas auténticas e tradicionais do noso pobo, "Antoxo" leva a cabo outro tipo de actividades, como son a organización de exposicións e o Festival Tradicional "Vila de Bueu", que este ano vai pola súa VII edición.



Primeira formación "Antoxo"

"ANTOXO"



As nosas exposicións caracterízanse por constar de traballos feitos artesanalmente, tales coma o pintado a man ou o encaixe de bolillos. Este ano, contamos cunha mostra de aderezos e vestimenta tradicionalde gran antigüidade, na que se amosarán pezas cedidas por O Fiadeiro, José Menduiña, Victoria e Mucha Freire Rosales, Teresa Jalda e Carmen da Bousiña.

En canto ó Festival, cabe dicir que por el pasaron algúns dos mellores grupos da danza galega: *Duos Pontes*, de Pontevedra, e *Andarela*, de Vigo (1995); *Malveiras*, de Carril, e *Rosalía de Castro*, de Santiago (1996); *Etnográfico*, de Ferrol, e *Gandaina*, de Pontevedra (1997); *Eidos*, de A Coruña, e *Revenidas*, de Vilagarcía (1998); *Cantigas e Agarimos*, de Santiago, e *O Fiadeiro*, de Vigo (1999). Asimesmo, a actuación dos grupos galegos estivo acompañada, nalgunhas ocasións, de grupos de música folk (*Amairxen*, *Violia*, *Anamoura*), e sempre de grupos representativos da tradición doutras

comunidades españolas *Esbart Dansaire* (Barcelona), *Virgen de la Peña* (Murcia), *Abul-Beka* (Málaga)- e mesmo do país veciño -*Rancho folklórico San Martín de Pena Cova* (Portugal)-.

Para que a ilusión deste festival se faga realidade traballamos arreo ó longo do ano e continuaremos facéndoos nos anos vindeiros co fin de chegar a tódolos veciños de Bueu e sensibilizar e agradar a todos aqueles que nos visiten, considerando que non só é importante e enriquecedor dar a coñecer a nosa cultura, senón tamen amosar os costumes doutros pobos, polo que o festival ten e terá unha dimensión internacional.



antoxo

F & LIÑO

Electrodomésticos y Objetos de regalo
Servicio técnico propio

Alfonso R. Castelao, nº5 Tfno -FAX 32 00 03

2001

antoxo

Angela

DECORACIÓN HOGAR LISTAS DE BODA
CORTINAS TAPICERÍAS

Montero Ríos, 57- Telf 986 32 00 17- Bueu

2001

antoxo

CORPBISO S.L.

AREA DE SERVICIO



Meroil

SABARIGO - CELA - BUEU

TELF 986 32 41 38 FAX 986 32 43 71

2001

antoxo

A. J. B.

Profesionales de la Carpintería

Pazos Fontenla, 70
Tels. 986 324 408
Móvil 679 484 890

Bueu
Pontevedra

2001

AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA CELME - Pontevedra

Foi fundada en 1984 por Enrique Domínguez Lino, natural de Pontevedra e actual Presidente e Director Artístico da asociación, como consecuencia das inquedanzas que tiña sobre a cultura tradicional galega. Entre as súas principais intencións están: promover festivais folclóricos, realizar cursos e investigar o folclóre galego para tratar de rexurdir tradicións, músicas e bailes hoxe esquecidos.

Hoxe en día, forman a agrupación 40 compoñentes entre corpo de baile, canto e grupo instrumental. Dispón dunha escola de danza, canto, pandeireta, tambor e outros instrumentos tradicionais

. Asesorados polos artesáns ourensáns Maruxa e Antero, *Celme* amosa parte da riqueza de vestuario da que dispón a comunidade galega. Así pois, ten traxes de faena e de gala de homes e mulleres. Estes locen roupas das zonas de Montes, Tui, Santiago de Compostela, As Mariñas, Pontevedra, Terra Chá, Muros, Val Douro, Pazos de Arenteiro, Xinzo de Limia, Vilagarcía de Arousa, Mondariz, Legrelle, Lárez e Lugo. Todos estes traxes adoitaban empregarse nas festas da clase alta.

. Celme conta con destacadas actuacións representando a Galicia e España en numerosos festivais e mostras nacionais e internacionais en Suiza, Alemaña, Holanda, Italia, Francia, Portugal, Bélxica, Polonia, Ucraína, Escocia, Grecia e en case tódalas comunidades de España

. É de salientar a súa participación na Expo 92 de Sevilla no Día de Galicia, cun espectáculo a ritmo de gaita e guitarra, ademais do galardón obtido en 1994 "Amigos de Pontevedra" coincidindo co seu X aniversario,

así como a obtención recentemente en 1999 do primeiro premio na "I Xornada de Música e Danza Tradicional Galega" festexada en Vigo

Froito do traballo de investigación e recollida de danzas, cantigas e músicas por numerosas comarcas galegas, *Celme* inclúe no seu repertorio dende muñeiras e jotas ata ribeirananas, pandeiretadas, ruadas (corrido, muñeira e jota), carballesas, golpes, etc. Na actualidade dispón dun espectáculo moi variado con músicas, cantos e danzas das catro provincias galegas, donde non falta a escenificación dunha romaría popular.



antoxo

Montero Rios, 4
CANGAS

Concepción Arenal, 54
MOAÑA

Mercarroupa

E. Vincenti, 1 - 15
BUEU

2001

antoxo

Bar
at u r x o
BUEU

2001

antoxo

New Age

Centro de estudios y traducciones

Xoan Carballeira 16 - 2D 36930 Bueu Pontevedra
Tfno. 986 324 001 - Móvil. 657 585 703

2001

A N U B Í A

Anubía está composto por seis mulleres procedentes da comarca de Compostela; unha formación que aínda que xove xa dispón dunha dilatada traxectoria profesional; como integrantes da prestixiosa agrupación *Cantigas e Agarimos*, son convidadas por BERROGÜETTO a participar na gravación e posterior xira do primeiro álbum *Navicularia*; máis recentemente, colaboran en tres pezas do primeiro traballo editado de SPIRITU 986.

Dende a súa xuventude, *Anubía* propónse contribuir a normaliza-lo uso da música vocal en Galicia sen renunciar á tradición nen a incorporar novos aires ó *anubado ceo* da música tradicional/vocal galega. Como pandereiteiras e cantareiras, estas mulleres viaxaron no tempo e na memoria de Galicia para rescatar das mans e das voces de centos de informantes anónimos o sustrato dunha tradición que revive e se renova nas *sías* voces.

“Segredo a Voces” é o título do primeiro disco en solitario de *Anubía* e é ó tempo un dos segredos mellor gardados na escena musical galega deste comezo de século; un disco fresco e desacomplexado con vocación aperturista e afán transgresor. Convencidas de que neste século XXI as pandereiteiras non deben desaparecer senón converterse nas

dunha xeración necesitada de referentes propios, *Anubía* propuxeronse dar un primeiro paso poñendo música de hoxe nos textos e nas palabras de onte.



Eva Blanco: voz, pandeireta e percusión tradicional; Ana Blanco: voz, pandeireta e percusión tradicional; Patricia Blanco: voz, pandeireta e percusión tradicional; Teresa Triáns: voz, pandeireta e percusión tradicional; Maite Castro: voz, pandeireta e percusión tradicional; Isabel Vilaseco: voz, pandeireta e percusión tradicional.


antoxo



BANDA DO RÍO BUEU

2001

antoxo



A MOLINERA

C/ Alexandre Boveda, 2 - Tlf 986 32 15 82 - Bueu

2001

antoxo

ALUMINIOS

FREIRE

FABRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO - MUEBLES AUXILIARES
Trasouto, 14 B - La Graña - 36930BUEU (Pontevedra)
Tfno. 986 322 716 - Móvil 659 54 01 55 - Fax 986 323 298

2001

antoxo

BAR

O MUIÑO
VIÑOS E TAPAS

c/ Ramón Bares, Tel 986 321 526
BUEU · PONTEVEDRA

2001

antoxo



Bar COYOTE

ZONA PEATONAL
BANDA DO RÍO

2001

antoxo

Alfredo García Castro

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN



Ramón Bares 72 BUEU Telf. 986 324 290

2001

antoxo

CARNICERÍA
CHARCUTERÍA

**EMILIO
GOLOSINAS**

Ramón Bares, 90 Telf. 986 322 896 BUEU(Pontevedra)

2001

antoxo



ÓPTICOS OPTOMETRISTAS

Pazos Fontenla, 51
Telf 986 390 002
e-mail: eblanco@cnoo.es
www.empresas Pontevedra.com/opticabueu
Telf-fax 986 322 067
36930 BUEU-Pontevedra

2001

RAÍCES DE ARAGON

A vida de *Raíces de Aragón* comeza por iniciativa do seu fundador, coreógrafo e director, Ángel Martínez Quesada, campeón de Aragón tres anos consecutivos (1968, 1969, 1970), premio nacional de baile, coreógrafo diplomado.

Coreograficamente, Ángel Martínez foi o renovador do noso baile. Algunhas das mostras son "La Dolores", "Gigantes y Cabezudos", "Una noche en Calatayud", "Bolero de Alcañiz", "Jota vieja de Aragón", "Danza de los labradores", "Boda en Aragón", "Paloteo", "Sobrestante", etc

Raíces de Aragón creouse no 1977 con grandes figuras do folklore aragonés, para recopilar e sacar á luz as músicas, cantos e bailes desa rexión, conseguindo inmediatamente unha meritoria difusión dos mesmos no plano nacional e internacional.

Dende entón e ata agora, tiveron unha grande actividade na recopilación de músicas, cantos e bailes antigos, e na creación de novas coreografías, que foron amplamente difundidas nas súas actuacións a nivel rexional, nacional e internacional. Sen dúbida, *Raíces de Aragón* contribuiu a enriquece-lo folklore aragonés axudando a darllo a coñecer a todo o mundo.

Nestes máis de vinte anos de traxectoria, cos pes anclados no máis fondo do ser e sentir aragonés, *Raíces de Aragón* foi recoñecida e galardonado con moitos premios, dos que destacamos: Copa de Plata do País Vasco-Francés; Montaña laureada do Baixo Aragón; Primeiro premio en Miranda de Ebro, Primeiro e segundo premio de Misas Aragonesas; Mención especial do Festival de Montrajeau; Primeiro premio "Carabela de Plata" no concurso de grupos folklóricos de San Juan del Puerto (Puerto Rico); así como moitos outros premios.

Asemade, representou ó Estado Español en moitos festivais e países: Francia, Cuba, México, Cidade do Vaticano, Canadá, Estados Unidos, Suíza, Inglaterra, Portugal, Alemania, Austria, Luxemburgo ...

Este grupo aportou á discografía aragonesa dous discos, gravados en 1978 e 1983, con 15 e 20 temas populares aragoneses, resultando dun serio traballo e dunha investigación profesional sobre o máis profundo e identificado do ser aragonés.

antoxo



TELF.S. 986 32 04 14 - 986 32 26 08
CELA TORRE
BUEU
(PONTEVEDRA)

2001

antoxo


DOVAL

MARIN


INTEROPTICAS

1º GRUPO ÓPTICO GALEGO

BUEU

2001

antoxo

LIBRERIA



Avenida Montero Ríos, 61-63
Tel. 322616 - BUEU

2001

antoxo

MERCERÍA



EQUIPOS PARA RECIENT

C/ Castelao, 19 Tfno 986 320 141 BUEU

2001

antoxo

PELUQUERO


Ramal dos Galos, 9
Tfno 986 324 374 BUEU

2001

PROXECTO DANZARIO

TELÓN ABIERTO - Cuba

O proxecto danzario *Telón Abierto* da Universidade de Ciego de Avila fundouse o 27 de Maio de 1997, baixo a dirección artística, coreográfica e xeral do Lic. Profesor José Félix Rópeda Paso e a dirección Musical a cargo do Profesor Instructor Ernesto Paz.

O Profesor José Félix Rópeda é graduado do Instituto Superior Pedagóxico na Provincia de Camagüey da Facultade de Letras e Arte na Especialidade de Educación Artística; incorpórase á Universidade de Ciego de Ávila provinte do Consello das Artes Escénicas e do Conxunto Artístico XX Aniversario, onde se desempeñou como bailarín por espacio de 15 anos. Caracterízase polos seus coñecementos de Educación Musical, teatro, danza e o seu afán por contribuir a fomenta-la cultura Artística e Literaria entre os xóves e os nenos. Participou en festivais nacionais e internacionais, dastacando os Festivais do CIOFF España 1992 e 1995.

O profesor Ernesto Paz, músico profesional, incorpórase á Universidade logo de traballar por máis de 25 anos en agrupacións tradicionais cubanas, caracterízase polos seus coñecementos de coro e o dominio de varios instrumentos musicais como son a guitarra, o contrabaixo e o violín, deseñou un formato orquestral tradicional


antoxo



BAR
O LAMBEDEIRO DO VIÑO
TAPAS E VIÑOS DO PAIS

Eduardo Vincenti, 55 Telf. 986 320 712 Bueu

Tintorería NOEN

C/ Canivelos, 10
Telf. 986 323 282 Bueu

2001

antoxo

RESTAURANTE

BRISIÑA DO MAR

Matilde Bares, 15 Tfno. 986 320 716 BUEU

*Pescados de la Ría
Parrillada de marisco
Rodaballo a la cazuela
Bogavante con arroz
Chipirones de la Ría
Empanada casera
Tapas variadas*

2001

con estudantes cos que acompaña á agrupación danzaria *Telón Abierto* e desenvolve o seu propio repertorio baseado fundamentalmente na música tradicional cubana.

Telón Abierto como proxecto musical danzario é un produto dedicado a educar e fomentar nos estudantes universitarios, as músicas e as danzas máis características da cultura cubana.

Polos que no seu repertorio poderán ver danzas tradicionais campesiñas, populares e danzas do folklora caribeño onde predominan as raíces hispánicas africanas e o franco haitiano.

Integran a agrupación estudantes de tódalas facultades da Universidade (agronomía, contabilidade, mecanización e cultura física). Deles, 16 bailaríns (8 homes e 8 mulleres); 8 músicos (2 mulleres e 6 homes); máis o seu director xeral.

Telón Abierto participou en Festivais Territoriais e Provinciais onde acadou premios e mencións, participando tamén en eventos Nacionais e Internacionais da Universidade, recibindo os mellores eloxios do público.

Cunha coreografía simple pero baseada na lóxica do movemento desenvolven os seus espectáculos destacándose en cada un deles o tema do amor, a natureza, as contradicións e o xogo.

antoxo

CAFE BAR

47 +1

Montero Ríos 48 BUEU

2001

antoxo



NALUA

AVDA. MONTERO RÍOS, 113 BUEU

2001

antoxo



INFORMATICA
Mister CHIP

Telf: 986 323 556 Pazos fontenla 47 bajo BUEU

2001

antoxo

AS-EM Ricardo Álvarez Cendón

ASESORÍA DE EMPRESAS
AGENCIA DE SEGUROS

Eduardo Vincenti, 49 BUEU

2001

antoxo

Rosana Estevez ESTÉTICA BELLEZA

ESTÉTICA
QUIROMASAJE
SOLARIUM
LAXER K.T.D.
DEPILACIÓN DEFINITIVA
PACK NOVIAS

Eduardo, Vincenti, 13
☎ 986 323 480 36.930 BUEU

2001

antoxo



DISCO BAR

AS DE GUIN

TERRAZA

C/ PAZOS FONTENLA
BUEU

2001

EI
EXCLUSIVAS IGLESIAS



ORTOPEDIA

AUDÍFONOS



SERVICIO TÉCNICO A DOMICILIO
TRAMITACIÓN SEGURIDAD SOCIAL
PRUEBAS A DOMICILIO
FINANCIACIÓN DE PAGOS

ELEVADORES

¡PASESE POR NUESTRAS ORTOPEDIAS Y LE INFORMAREMOS DEL NUEVO CATALOGO DE PRESTACIONES DEL SERGAS POR EL CUAL PUEDE ACCEDER A DISTINTOS PRODUCTOS ORTOPÉDICOS SIN REALIZAR NINGÚN DESEMBOLSO. SILLAS DE RUEDAS, ANDADORES, PRÓTESIS DE MAMA, SILLAS ELÉCTRICAS, FAJAS, AUDÍFONOS, AYUDAS TÉCNICAS, MEDIAS, PRENDAS PARA QUEMADOS.

AYUDAS

DEPARTAMENTO COMERCIAL
986 21 33 85
Avda. Fragoso, 27 Vigo
981 16 91 41
Avda. de Finisterre, 257 A Coruña
986 39 20 41
Avda. Méndez Núñez, 28-30 Cangas

SILLAS

PRÓTESIS MAMARIAS

SILLONES BAÑADORES



VII FESTIVAL TRADICIONAL "Vila de Bueu"

Venres 17 de Agosto 2001



Organiza: Grupo de Danzas Antoxo